

Os primeiros vinte anos de *Encrucillada*

Presentación

Por Alfonso ZULUETA DE HAZ

A conmemoración dos vinte anos de *Encrucillada* e dos case 31 anos do remate do Concilio Vaticano II son efemérides moi importantes que invitan á reflexión que se vai facer neste Foro dende a perspectiva galega, e quedará subliñada a influencia que o novo ambiente creado polos textos conciliares tivo nesta revista. É un acerto relaciona-los vinte anos de *Encrucillada* co posconcilio en Galicia.

No número 1 de *Encrucillada*, de xaneiro-febreiro de 1977, na presentación de Andrés Torres Queiruga, falábasenos da necesidade desta revista destacando a súa pretensión de “ser punto de encontro reflexivo, lugar de comunión de experiencias, coordinador de información, para todos aqueles que comparten a nosa mesma fe, aínda que poidan ser diversos e plurais na súa interpretación reflexa, que iso é a teoloxía. E quer ser finalmente, man tendida ó diálogo con aqueles que sen compartiren a nosa fe, se moven por idéntica arela: servir a Galicia e servir ó home de Galicia”.

Esta pretensión, afortunadamente cumprida, é unha consecuencia dos novos aires que trouxo o Concilio Vaticano II e tamén a encíclica *Pacem in*

terris. Sen eses aires paréceme que non sería posible celebra-los vinte anos de *Encrucillada*, alomenos na liña seguida neste tempo pola revista. Por suposto que houbo e haberá atrancos –deles falarase, sen dúbida, neste Foro–, mais non hai que esquecer que existe un estado de opinión que ten a fortuna de poder basearse nun Concilio, o que permite seguir traballando no seu desenvolvemento con amor e esperanza.

Calquera comentario que se faga do Concilio partirá sempre da actitude adoptada perante el. Para uns foi unha meta, un feito que houbo que soportar, no que están as raiceiras de tódolos males da Igrexa e que, polo tanto, cómpre atrasar, minguar ou impedir na súa aplicación; para outros foi un punto de arribada, de reflexión para unha adecuada e fecunda transformación que afecta de forma saudable á Igrexa e ás súas relacións co mundo. Por suposto que entre ámbalas dúas posición hai outras cos máis variados matices.

Por mor deste Foro, nestes días botei unha ollada a aqueles textos polos que eu seguí ilusionado as vicisitudes do Concilio: Henri Fresquet, René Laurentín, Martín Descalzo, *Cuadernos para el Diálogo* e, sobre todo, como información ó día de cada sesión, dúas revistas españolas, *Ecclesia*, que estaba exenta de censura, e *El Ciervo*, que, quizabes por ser de ámbito minoritario, podía permitirse informacións e comentarios non doados de encontrar noutros medios; mais a mellor canle de información que tiven paréceme que foi aquela espléndida revista que a cotío esperaba ansiosamente, *Informations Catholiques Internationales*. Ler de novo agora algúns daqueles textos conciliares, repasa-lo discurso de apertura do inesquecible papa Xoán, faime revivir uns tempos de ilusión e de esperanza que fortaleceron o espírito.

Hai acontecementos que marcan toda unha vida: a encíclica *Pacem in Terris*, do 11-IV-63, aínda non estaba aprobado o esquema XIII, censurada nos periódicos, e que puider ler integramente na revista *Ecclesia* unha tardiña de domingo en Marín, onde vivía. Ó remate da lectura sentínme non só ilusionado, senón tamén vitalmente fortalecido, pois encontrara unha Igrexa que, fronte ó contorno tradicional relixioso, acollía as miñas preocupacións, anhelos e inquietudes. Moitos de vós sodes afortunadamente moi novos, pero os que viviron comigo aquela experiencia seguramente que se decatán da importancia do que estou a dicir. Foron anos dunha apertura ilusionante cara ó mundo, foron anos que impactaron fondamente o espírito de moitos cristiáns, deixando unha pegada permanente, e que despertaron novos entusiasmos e fervores.

O Concilio Vaticano II, como grande acontecemento histórico –para Chenu foi a fin da era constantiniana–, presenta, en principio, dúas peculiaridades significativas: por unha parte, a asistencia de 3.500 persoas, entre padres conciliares, peritos, autoridades e observadores (no Vaticano I, 750 conciliares e en Trento, 258), o que supón un enorme esforzo de organización, especialmente na súa preparación (44 meses) e na súa duración (39 meses); os relatorios foron preparados con sumo coidado polos máis diversos, doutos e preocupados sectores do mundo cristián. Outra particularidade máis esencial e máis importante é que, por primeira vez, un Concilio afronta problemas que inciden decisiva e directamente na sociedade: a pobreza, a opresión, os dereitos humanos, o armamento. Non é académico, é vital. Toma nida postura na defensa da dignidade do home fronte ós factores de explotación económica, ante o desigual reparto dos bens dispoñibles ou fronte ós totalitarismos.

Falouse de *aggiornamento* nun dobre sentido: *ad intra*, como toma de conciencia pola Igrexa da súa identidade na procura dunha auténtica purificación, e, *ad extra*, na comprensión do mundo na que a Igrexa se realiza, cunha premisa fundamental: a Igrexa non é comprendida fóra das culturas vivas. E este dobre sentido, teolóxico e antropolóxico, vai se-lo eixe do Concilio. Foi o tránsito dunha Igrexa pechada, que se miraba a si mesma, sen se decatar da transformación da sociedade na que ineludiblemente está inserida, a unha Igrexa aberta ó mundo e preocupada polos problemas da humanidade, tal como reza o comezo da *Gaudium et Spes*: “O gozo e a esperanza, as tristuras e as angustias do home dos nosos días, sobre todo dos pobres e de toda clase de aflixidos, son tamén gozo e esperanza, tristuras e angustias dos discípulos de Cristo, e nada hai verdadeiramente humano que non teña resonancia no seu corazón”. Esta fermosa introducción queda despois remachada ó facer explícito que o Concilio se dirixe a toda a humanidade para “ expoñer a todos cómo entende a presenza e a actividade da Igrexa no mundo actual”. Ata o Concilio Vaticano II a Igrexa ignora o mundo moderno, e se repara nel é para condenalo. O cambio de actitude é total.

Esta *encarnación* da Igrexa no tempo preséntase xa na terminoloxía utilizada: a palabra *historia* aparece citada en 63 ocasións, a palabra *cultura*, 91 veces (no Vaticano I soamente unha vez), a palabra *cultural* aparece 34 veces, as palabras *mundo*, *sociedade*, *diálogo*, *servicio*, *novidade*, *mutación*, *laico*, son utilizadas con frecuencia. Os termos *hodie* e *hodiernus* aparecen 145 veces. Curiosamente, a definición de *cultura*, no parágrafo 53, ten importantes analoxías coa definición que a UNESCO adopta en México na Conferencia Mundial de Políticas Culturais no ano 1982. A Igrexa foi aquí

unha adiantada no mundo, o que precisamente non é exemplo abondoso na súa historia.

Neste moi breve comentario dun leigo, o tempo non dá para máis, sobre o Concilio, como presentación deste Foro, non podo deixar de mencionar, pola pegada que tamén en min e noutros moitos deixaron, dúas constitucións, que foron as que causaron maior impacto: *Lumen Gentium* e a xa citada *Gaudium et Spes*.

A *Lumen Gentium*, ó considera-la Igrexa como “pobo de Deus”, en marcha dentro da historia, produce un xiro copernicano. Para algúns comentaristas, o capítulo II da constitución, que leva o expresivo título “Do pobo de Deus”, engadido *in extremis* no ano 1963 (neste caso, como noutros moitos, podemos ve-la actuación do Espírito), é máis importante mesmo có de “colexialidade”. Institucionalmente supón a desaparición dun vocabulario que identificaba Igrexa e xerarquía e tamén xerarquía e papado.

Sen embargo, unha parte importante das renovacións ficaron sen desenvolver. Di Vilanova que o Concilio pagou o tributo á tensión entre a teoloxía da maioría e a da minoría, entre a asemblea e a Curia romana; de certo, o concepto de Igrexa como pobo de Deus e a colexialidade non mantiveron a súa proxección na realidade, mais aí están, e algún día terán que activarse. Faltou decisión, aquí como noutros aspectos, para establecerlos mecanismos de aplicación dos textos conciliares.

A constitución *Gaudium et Spes*, o famoso esquema XIII, foi aprobada o 7 de decembro de 1965, con 2.309 *pláacet*, 75 *non pláacet* e 7 nulos. Coñecendo a historia desta constitución, pódese pensar que o Espírito andou presto para conseguila aprobación con tal maioría.

A *Gaudium et Spes* foi recibida no mundo cunha apaixonante ilusión. Por fin, a Igrexa compartía as preocupacións da humanidade; a autonomía das realidades temporais, polas que tantos católicos loitaron, estaba xa recoñecida nun texto conciliar. A preocupación pola cultura aparece en varios parágrafos. Hervé Carrier subliña que a “cultura non foi un sinxelo capítulo engadido ós outros, polo contrario, todo foi moi cultural no Concilio, do mesmo xeito que todo nel foi moi teolóxico”.

A cultura é considerada como contexto para “espallar e explica-la mensaxe de Cristo entre tódalas xentes, para profundar e comprende-la súa dimensión salvadora, para expresalo mellor na celebración litúrxica e na vida multiforme da comunidade de fieis”, como di o parágrafo 58, recollendo un dos principios que, sen dúbida, coincide cos que fundamentan *Encrucillada*.

Hai na *Gaudium et Spes* unha excepcional atención ás preocupacións do home contemporáneo, acollendo a linguaxe dos antropólogos e dos sociólogos da cultura.

Para os que pensamos que o Concilio foi un lugar de arribada para encara-lo futuro, no posconcilio queda moito por facer para o pleno desenvolvemento dos textos conciliares, porque hai que facelos operativos, aplicalos á realidade para a que foron concibidos. Non caíamos en frustracións, loitemos con esperanza e confiemos no Espírito, que *sopra* onde e cando quere, pero *sopra*, e non fagamos oídos ós “profetas de calamidades que sempre ameazan co peor como se se acercase a fin do mundo”, como nos recordaba aquel santo, Xoán XXIII.

Neste camiño de ilusións, *Encrucillada* asumiu un compromiso e aínda ten moito que dicir e que facer. É motivo de xúbilo conmemora-los vinte primeiros anos cheos de futuro esperanzador. Noraboa e os mellores desexos para todos.

Alfonso ZULUETA DE HAZ



Encrucillada

A Igrexa galega no posconcilio



Número 100
Novembro-décembro
1996